

ESTATUTOS SOCIAIS DA FUNDACION PARA A ORIENTACIÓN PROFESIONAL, A INVESTIGACIÓN E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO, O EMPREGO E A FORMACIÓN EN GALIZA (forGA)

TÍTULO I

Artigo 1.-CONSTITUCIÓN

A Confederación Intersindical Galega (CIG) constitúe unha Fundación de formación e estudo, denominándoa: "**FUNDACIÓN PARA A ORIENTACIÓN PROFESIONAL, A INVESTIGACIÓN E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO, O EMPREGO E A FORMACIÓN EN GALIZA**" (forGA), coa finalidade de ser a entidade encargada da organización, xestión e execución de accións formativas de actualización e cualificación profesional, de proxectos e programas de estudo e investigación, dirixidos as traballadoras e traballadores desempregadas/os e ocupadas/os, nas que a dita organización sindical ou a propia Fundación participen, así como da organización, xestión e execución de actividades de investigación estudo e formación dirixidas á mellora do ambiente.


Artigo 2.-RÉXIME DA FUNDACIÓN

A Fundación forGA rexerase pola Lei 12/2006, de 1 de xaneiro, de Fundacións de interese galego -que reforma á lexislación anterior-, polo Regulamento que a desenvolve, aprobado no Decreto 14/2009, polos presentes Estatutos e demais disposicións legais aplicábeis.

Artigo 3.-FINS DA FUNDACIÓN

Son fins da fundación os seguintes:

- a) Fomentar o estudo, a investigación, o desenvolvemento e a execución, de accións, programas e proxectos, en materia de Medios e Sistemas de Comunicación, Medio ambiente e Novas Tecnoloxías; así



02/2017



DM4969901



- como en materia social, socio-laboral, de saúde laboral e formación profesional das/os traballadoras/es en Galiza.
- b) Promover ou colaborar no estudo de necesidades de formación e cualificación dos traballadores e traballadoras de Galiza.
 - c) Promover ou colaborar no deseño e realización de programas e proxectos de desenvolvemento, dirixidos a mellorar ou optimizar metodoloxías, procesos e contextos de aprendizaxe, en materia de formación e cualificación profesional.
 - d) Promover ou colaborar no deseño e execución de programas, estudos e proxectos, tanto de investigación e desenvolvemento, como de execución e posta en práctica, de iniciativas dirixidas aos ambientes produtivos e de traballo, ao desenvolvemento local e rexional, e ao fomento do emprego e a inserción e orientación laboral.
 - e) Investigar, desenvolver e difundir as novas tecnoloxías e as tecnoloxías emerxentes no sector das Comunicacións e á Sociedade da Información, promovendo a súa implantación como un factor estratéxico de desenvolvemento económico e fonte de creación de novos postos de traballo.
 - f) Investigar sobre sistemas e desenvolvemento tecnolóxico, destinados á defensa do Ambiente e ao desenvolvemento das Enerxías Renovábeis; promovendo a súa implantación como un factor estratéxico de desenvolvemento sustentábel e fonte de creación de novos postos de traballo.
 - g) Desenvolver e executar accións, programas e proxectos, en materia de Prevención de Riscos Laborais, Saúde e Hixiene Laboral, así como promoción e execución de iniciativas de cualificación profesional nestas materias e implantación de plans de prevención de Riscos Laborais nas empresas.
 - h) Contribuír á mellora das condicións de traballo mediante a intervención na Formación Permanente das traballadoras e traballadores galegos.
 - i) Participar nas modalidades e niveis que defina o Padroado na execución directa ou indirecta, de actividades de Orientación Laboral e Profesional, Formación e Cualificación Profesional das/dos traballadoras/es galegas/os, tanto ocupadas/os como desempregadas/os.
 - l) Prestarlle atención prioritaria á inserción laboral e á formación e cualificación profesional ás/aos desempregadas e desempregados con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tais como: mozas/os en procura de emprego, mulleres en procura de emprego, persoas con minusvalía, maiores de 45 anos, emigrantes retornadas/os, desempregadas/os de longa duración e persoas en risco de exclusión social.
 - m) Promover, deseñar e executar iniciativas e programas de formación e cualificación profesional.





[Handwritten signature]

- n) Promover ou colaborar no deseño e execución de programas, estudos e proxectos orientados á promoción da economía social como factor de desenvolvemento de Galiza.
- o) Desenvolver iniciativas e proxectos que promovan, fomenten e difundan a lingua galega como elemento chave na formación e capacitación das traballadoras e dos traballadores, e como fonte de maior valor e riqueza cultural, histórica e económica para a sociedade galega.
- p) Promover ou colaborar no deseño e execución de accións, programas e proxectos de formación, lecer e cultura que impliquen a mellora nas condicións de vida dos traballadores/as galegos/as e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.
- q) Calquera outro fin que o Padroado considere de interese.

Artigo 4.-ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN.

A Fundación, para o cumprimento dos seus fins, ocuparase, entre outras, das seguintes actividades:

- a) Organizar congresos, conferencias, coloquios, cursos, reunións de estudo, etc..., sobre temas relacionados coa formación profesional das/traballadoras/es (empregadas/os e desempregadas/os), a súa saúde e seguridade, a súa cualificación profesional e social, e súa inserción laboral, así como sobre sistemas de protección ambiental, novas tecnoloxías ou innovacións tecnolóxicas e a súa repercusión nos distintos ámbitos.
- b) Executar directamente, en solitario ou en colaboración con outras entidades, actividades, cursos e iniciativas formativas, relacionados coas necesidades de cualificación e actualización profesional das/os traballadores e traballadoras.
- c) Promover, ou realizar directamente, investigacións e estudos tendentes a coñecer e difundir as necesidades actuais e futuras en materia de formación permanente, formación continua e formación ocupacional, así como, en xeral, as referidas ao ámbito da cualificación profesional necesaria para satisfacer as demandas socio-laborais orientadas a mellorar as condicións de traballo, a seguridade e saúde laboral, a democratización das relacións laborais e todo o relacionado coas necesidades formativas requiridas polo mercado de traballo.
- d) Promover ou realizar directamente, investigacións e estudos encamiñados á implantación de sistemas de protección ambiental de cara a favorecer a aparición de novas fontes de emprego, o desenvolvemento sustentábel e a mellora do entorno ambiental.
- e) Promover, ou realizar directamente, investigacións e estudos encamiñados á implantación de novas tecnoloxías ou sistemas

02/2017



DM4969902



- considerados de innovación tecnolóxica de cara a favorecer a aparición de novas fontes de emprego.
- f) Desenvolver ou participar en explotacións económicas dedicadas ao asesoramento técnico, elaboración e execución de proxectos, así como a súa implantación e mantemento directo, para introducir no mercado os produtos ou sistemas e resultados das súas actividades de investigación ou desenvolvemento tecnolóxico.
 - g) Organizar, promover e desenvolver todo tipo de actividades de formación en todas as súas modalidades (presencial, semipresencial, distancia, teleformación) empregando para iso os avances tecnolóxicos desenvolvidos nesta materia.
 - h) Redactar, editar e distribuír toda clase de publicacións e produtos informativos e de difusión, ben a través de medios propios ou doutros medios de comunicación, para divulgación das temáticas contempladas nos artigos 3º e 4º dos presentes Estatutos.
 - i) Conceder bolsas de estudo, formación e investigación nas materias sinaladas anteriormente.
 - l) Calquera outras actividades que permitan a Fundación e mellor cumprimento dos seus fins.

Para os programas concretos de actividades asegúrese a súa viabilidade económica mediante as achegas necesarias por parte das/os promotoras/es da Fundación.

Artigo 5.-COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

A Fundación atenderá principalmente a formación dos traballadores e traballadoras, activos ou non, así como as solicitudes das entidades públicas e privadas, en orde a facilitar os servizos de formación, estudo e investigación que o Padroado estime oportuno.

Igualmente, a Fundación poderá establecer todo tipo de agrupacións ou convenios de colaboración con entidades públicas e/ou privadas que se destinen a un mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 6.- PERSONALIDADE XURÍDICA.

A Fundación constituída, inscrita o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo, en consecuencia, realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxección ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 7.-DOMICILIO SOCIAL.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

A Fundación terá o seu domicilio social na Rúa Palmeiras Parcela 21-A. C.P. 15895 Milladoiro (Concello de Ames).

O Padroado dispón de facultades para mudar o domicilio social e tamén poderá crear establecementos e dependencias noutras cidades.

Artigo 8.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

O ámbito de actuación da Fundación é o territorio galego e, cando existir autorización previa e expresa do Padroado da Fundación, todos aqueles ámbitos territoriais que se consideren oportunos. As actividades desenvolvidas nestes novos territorios non superarán en ningún caso as actividades de ámbito galego.

Artigo 9.- DURACIÓN.

A duración da Fundación será indefinida, agás o recollido nos artigos 32º e 33º. Dará comezo a súas operacións a partir da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 10.- BENEFICIARIAS/OS.

A Fundación atenderá principalmente as necesidades de colocación, promoción, formación, lecer e cultura das traballadoras e traballadores desempregados e ocupados, así como as/os profesionais expertos docentes que precisen cualificación.

Asemade, atenderá, as solicitudes de entidades públicas e privadas para facilitar os servizos de formación, estudo ou investigación que o Padroado considere oportunos.

Artigo 11.- PUBLICIDADE DAS ACTIVIDADES.

A Fundación publicitará o seu obxecto e as súas actividades, utilizando para iso os seus propios recursos, ou calquera medio de comunicación social.

TÍTULO II DO GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 12.- ÓRGANOS DE GOBERNO.

02/2017



DM4969903



O órgano supremo de goberno, administración e representación da Fundación é o PADROADO, que exercerá as funcións propias que a vixente lexislación lle atribúe.

O Padroado poderá delegar total o parcialmente a súas facultades, agás as legalmente indelegábeis nunha Comisión Permanente ou nunha ou varias persoas físicas, sen prexuízo dos apoderamentos que no seu caso puider outorgar. Estas delegacións ou apoderamentos comunicaránselle ao Protectorado co obxecto de inscribirse no Rexistro.

Artigo 13.- CARÁCTER DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Os cargos derivados dos órganos de goberno serán de confianza e exerceranse a título gratuito. Terán, non obstante, dereito, xustificándoo previamente, ao aboamento dos gastos que o exercicio dos mesmos lles produzan, incluídos os de viaxes e estadias, para asistencia ás reunións ou a realización de misións relativas á Fundación que lles encomenden, sempre que se cumpran os requisitos esixidos no Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro, do Regulamento de fundacións de interese galego.

Artigo 14.- COMPOSICIÓN DO PADROADO.

O Padroado será designado pola Comisión Executiva Confederal da CIG, estando composto por un número de membros non inferior a 5 e non superior a 12.


Un dos seus membros será, preceptivamente, a persoa que ostente o cargo de Secretario Xeral da CIG. Os outros serán persoas vencelladas ao mundo da formación, da educación, da cultura, da economía, do sindicalismo ou de calquer outro ámbito social que teña relación co obxecto da fundación.

Artigo 15.- CESAMENTO DOS MEMBROS DO PADROADO.

Polas causas previstas legalmente, e especialmente por:

- Deixar de desempeñar o cargo en razón do cal foron designados, sen prexuízo da súa substitución polo novo titular do cargo.
- Libre revogación por parte da Executiva Confederal da CIG.
- Renuncia ou desistencia.
- Inhabilitación para o exercicio dun cargo público.

En calquera dos supostos de cesamento se procederá de maneira inmediata á substitución dos membros do Padroado e comunicaránselle tal circunstancia ao Protectorado para a súa inscrición no rexistro de fundacións.



[Handwritten signature]

Artigo 16.- PRESIDENTA/E DA FUNDACIÓN.

O Padroado elixirá do seu seo a/o Presidenta/e. A duración do nomeamento será a mesma que a dos demais membros do Padroado, podendo ser reelixida/o.

Artigo 17.- REPRESENTACIÓN DA FUNDACIÓN.

O/A Presidente/a ostentará a representación institucional, convocará as reunións do Padroado, presidirá e dirixirá os debates e vixiará a execución dos acordos.

Porén, o Padroado poderá crear órganos específicos que pola súa delegación representen e administren a Fundación en ámbitos funcionais ou territoriais concretos, sempre que non excedan da xestión ordinaria, non se trate da aprobación das contas xerais da Fundación, do Plano de actuación, da modificación dos Estatutos ou dos acordos de fusión, extinción e liquidación da Fundación, nin aqueles que supoñan cargas de carácter permanente, agás neste caso, con expresa autorización do Padroado. Os ditos órganos serán deseñados no regulamento de funcionamento interno da estrutura de dirección, previsto no artigo 21º destes Estatutos.

Artigo 18.- SECRETARIO/A DA FUNDACIÓN, NOMEAMENTO DO PERSOAL NECESARIO e CONSELLO ASESOR DA FUNDACIÓN.



O Padroado elixirá un/ha Secretaria/o, cargo que poderá recaer no/a Director/a Xerente/a, no caso de habelo, ou en calquera outro membro do órgano de goberno. Se o Secretario/a se elixir de entre os/as membros do Padroado, terá voz e voto neste órgano. O/A Secretario/a redactará as Actas das reunións, custodiará os Libros de Actas, librará as certificacións e levará a correspondencia da Fundación no que lle afecta ao Padroado.

O Padroado designará as/os responsábeis de área, gabinete, servizo, directores/as de coordinación, coordinadoras/es, persoal técnico e administrativo indispensable e fixará as súas retribucións.

Asemade, o Padroado poderá nomear un Consello Asesor da Fundación composto por personalidades de recoñecido prestixio no ámbito de actuación propio á Fundación.

Artigo 19.- REUNIÓN DO PADROADO.

O Padroado reunirse, no domicilio social da Fundación ou no lugar que previamente se designe en convocatoria previa, cantas veces o estimar

02/2017



DM4969904



oportuno a/o Presidenta/e e cando menos catro veces ao ano, ou cando o soliciten, cando menos, tres membros do Padroado.

As reunións entenderanse validamente constituídas cando estean presentes ou representados polo menos a metade máis un das/os súas/seus membros.

Artigo 20.- ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Nas reunións do Padroado os acordos adoptaranse por maioría absoluta. Será necesario o voto favorábel das súas terceiras partes das/os asistentes sempre que ademais supoña maioría absoluta do número dos seus membros, para adopción dos acordos en que así se establece expresamente no artigo 17.2 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, do Regulamento de Fundacións de interese galego .

Artigo 21.- FACULTADES DO PADROADO.

- Exercer a inspección, vixilancia e orientación e velar polo cumprimento dos fins.
- Aprobar os programas periódicos de actuación e os orzamentos.
- Examinar e, no seu caso, aprobar o informe e o balanzo anual, a memoria sobre as actividades da Fundación e as contas anuais que teñen que ser sometidas ao Protectorado.
- Aprobar e modificar as directrices de investimento.
- Elixir a/o Apoderada/o Xeral, Secretario/a e Presidente/a.
- Ostentar a representación da Fundación en toda clase de relacións, actos e contratos.
- Aceptar as adquisicións de bens ou de dereitos para a Fundación ou para o cumprimento dun fin determinado dos abranguidos no obxecto da Fundación.
- Efectuar toda clase de actos e contratos de adquisición, posesión, administración, alleamento e gravame sobre bens móbeis e inmóbeis, previa aprobación do Protectorado nos supostos que legalmente sexa necesario.
- Realizar toda clase de pagamentos, débitos en contas e, en xeral, o cumprimento de todo tipo de obrigas de conformidade coa finalidade da Fundación.
- Cobrar e percibir rendas, froitos e dividendos, xuros e utilidades dos bens que integran o Patrimonio da Fundación.
- Substituír ou delegar todas ou parte das facultades precedentes nunha ou varias persoas e sempre que esas facultades sexan legalmente delegábeis.
- Estabelecer un axeitado sistema de contabilidade.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

- Aprobar un Regulamento de funcionamento interno da estrutura de dirección da fundación, que concrete e desenvolva os preceptos destes Estatutos.
- Aprobar o Plano de Actuación e Memorias de Xestión da Fundación.
- Aprobar a modificación de Estatutos.
- Adoptar acordos de fusión, extinción e liquidación da Fundación.
- Calquera outra que tenda a que os fins da Fundación se materialicen con maior eficiencia.

Artigo 22.- NOMEAMENTO DO/A APODERADO/A XERAL.


Para facilitar a execución de funcionamento e cumprimento dos fins da Fundación, o Padroado poderá nomear de entre as/os súas/seus membros un/ha Apoderado/a Xeral no que delegará aquelas facultades que sexan legalmente delegábeis.

O dito cargo non será remunerado.

Artigo 23.- NOMEAMENTO DA/O DIRECTOR/A XERENTE

O Padroado poderá nomear un/ha Director/a Xerente, para a realización das funcións xerais de xestión da fundación, en base ás directrices dadas polo propio Padroado e polo/a Apoderado/a Xeral; ante os que deberá dar cumprida conta das mesmas.

A/o Director/a Xerente asistirá ás reunións do Padroado, con voz (e voto no caso de que sexa elixida/o de entre os membros do Padroado), podendo actuar como secretaria/o do organismo, se así se determina.



02/2017



DM4969905



TÍTULO III RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24.- CONSTITUCIÓN DO PATRIMONIO DA FUNDACIÓN.

O patrimonio da Fundación pode estar constituído por toda clase de bens, dereitos, accións e obrigas, sen excepción, canto á súa natureza e sen limitación na contía e a súa radicación, dentro dos límites da Lei.

Artigo 25.- ACHEGA INICIAL E ACHEGAS SUCESIVAS.

Os bens e dereitos cos que a Fundación poderá contar para o cumprimento dos seus fins son os seguintes:

- a) A dotación inicial achegada pola CIG.
- b) Achegas ao obxecto social da fundación, realizadas por persoas físicas e/ou xurídicas.
- c) Subvencións recibidas para a execución das accións de formación profesional previstas nas convocatorias dos respectivos organismos públicos ou privados.
- d) Subvencións recibidas para execución das actuacións cofinanciadas con Fondos Europeos.
- e) Resultados positivos procedentes das explotacións económicas e non económicas que realice ou nas que participe a Fundación.
- f) Ingresos procedentes dos convenios de colaboración que a Fundación realice con entidades públicas ou privadas.
- g) Subvencións recibidas das distintas Administracións Públicas, sexan estas de ámbito europeo, estatal, autonómico, provincial ou local, destinadas á realización das actividades contempladas e/ou derivadas das recollidas nos artigos 3º e 4º destes estatutos.
- h) Cantos outros bens e dereitos poidan chegar baixo calquera forma ás persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 26.- DESTINO DOS RECURSOS.

Anualmente destinarase ao cumprimento do fins fundacionais, como mínimo o 70% das rendas e ingresos que obteña a Fundación, logo de deducir os gastos para a súa obtención.

Anualmente destinarase como máximo un 30% das rendas e ingresos obtidos pola fundación, logo de deducir os gastos para a súa obtención, a incrementar a dotación ou as reservas propias da entidade.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Artigo 27.- CONTABILIDADE DA FUNDACIÓN:

O Padroado aprobará o sistema contábel da Fundación, de acordo coas prescricións legais aplicábeis, podendo desagregala como estime conveniente, sempre que reflicta con claridade e exactitude a situación da Fundación e o desenvolvemento das súas actividades.

A tales efectos, levaranse os seguintes libros e documentación:

- Libro Diario –Libro de inventario
- Contas anuais (balanzo de situación, conta de resultados e memoria) - Orzamentos e a súa liquidación -Libro de actas

Artigo 28.- APROBACIÓN DE CONTAS.

A aprobación das contas compételle exclusivamente ao Padroado.

Artigo 29.- RENDICIÓN DE DOCUMENTACIÓN AO PROTECTORADO.


Antes de iniciar cada exercicio o Padroado aprobará o plano de actuación e os orzamentos correspondentes e remitirallos ao Protectorado de Fundacións.

O Padroado aprobará as contas anuais dentro dos seis meses seguintes á data de pechamento do exercicio, e presentaranse ao Protectorado no prazo de vinte días hábiles a contar dende a súa aprobación.

Artigo 30.- CUSTODIA DOS BENS.

Para asegurar a garda dos bens constitutivos do Patrimonio da Fundación:

- a) Inscribíranse os bens inmóbeis e dereitos reais no Rexistro da Propiedade a nome da Fundación.
- b) Depositáranse os valores mobiliarios a nome da Fundación en establecemento/s bancario/s designado/s polo Padroado.
- c) Os demais bens móbeis, os xustificantes de depósitos e calquera outro documento acreditativo do dominio, posesión, uso, goce, ou calquera outro dereito de que for titular a Fundación serán custodiados polo Padroado ou as persoas nas que delegue.
- d) Todos os bens da Fundación inventariáranse nun libro de rexistro de patrimonio no que se consignarán as circunstancias precisas para a súa identificación e descrición, e que estará a cargo do Padroado ou das persoas nas que delegue.



02/2017



DM4969906



TÍTULO IV MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 31.-MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

O Padroado poderá instar a modificación dos presentes Estatutos sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación, ou varíen as circunstancias que presidiron a constitución desta, aténdose ao procedemento establecido.

Artigo 32.- EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN.

O Padroado poderá proporlle ao Protectorado a extinción da Fundación, seguindo o procedemento previsto legalmente.

Artigo 33.-LIQUIDACIÓN E DISOLUCIÓN DA FUNDACIÓN.

No caso de que a Fundación non puiden continuar o desenvolvemento normal das súas actividades para acadar os seus fins, levarase a cabo a súa liquidación e disolución, tendo en conta a establecido no artigo 46º da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse polo Padroado da entidade ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens e dereitos aos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo caso, o previsto nos presentes Estatutos non implican limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado lle atribúe a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego e o Regulamento que a desenvolve e moi especialmente en relación coas autorizacións e comunicacións a que a Fundación se somete expresamente.

A interpretación do establecido nos Estatutos farase en concordancia co regulado nos ditos textos legais, os cales serán, asemade, aplicábeis para o previsto naqueles.

En Compostela, a 30 de xuño de 2017

Asdo.

Margarida Corral Sánchez
Secretaría do Padroado



Xesús E. Seixo Fernández
Presidente do Padroado